

# O CAN DE MILU

Texto e ilustracións de MARIANN MÁRAY

Tradución de MANUELA RODRÍGUEZ

Encadernado en cartonné. 24,5 x 21,5 cm. 32 páx. 15 €

XII PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO

**O can de Milu** (galego)

ISBN 978-84-8464-200-8. Premio Compostela.

**El perro de Milu** (castelán)

ISBN 978-84-8464-201-5. Premio Compostela.

**El gos de la Mia** (català)

ISBN 978-84-16804-82-5. Premi Compostela.

**Leireren txakurra** (euskara)

ISBN 978-84-9172-131-4. Compostela Saria.

**O cão de Milu** (português)

ISBN 978-989-749-125-2. Prémio Compostela.

**Milu's dog** (inglés)

ISBN 978-84-8464-213-8. Compostela Prize.

**Un cane per Mimma** (italiano)

ISBN 978-84-8464-481-1. Premio Compostela.

*A Milu gustábanlle os cans. Desexaba ter un, fose como fose:*

*grande ou pequeno, salvaxe ou dócil, silencioso ou ladrador...*


*Un día, mentres regresaba á súa casa, Milu atopouse*

*á beira do camiño cunha bóla grande e peluda...*

O amor polos animais, a amizade incondicional ante as adversidades e, sobre todo, a liberdade son as cualidades sobresañtes na obra distinguida co XII Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado. «O can de Milu», de Mariann Máray, é a historia dunha nena e da súa peculiar mascota, que se converte na súa gran aliada de xogos e de diversión.

Ter un animal de compañía é unha responsabilidade importante: a súa alimentación, a supervisión do seu crecemento e as visitas veterinarias son aspectos que non pasan desapercibidos neste libro. Tamén destaca a ausencia de prexuízos da protagonista fronte ao rexeitamento doutras persoas -baixo a influencia de estereotipos e convencións sociais- á diversidade: Peluso é “moi especial”, como ela mesma expresa con entusiasmo.

O intenso e abundante colorido das ilustracións transpórtanos dende o bosque á cidade, pasando polo fogar, coa natureza como destino e espazo de reflexión e de liberdade. Son imaxes cheas de detalles, cercanas á estética naïf e ao mundo da infancia, que xogan de xeito audaz cos contrastes cromáticos.



■ **Temática:** diferenza, diversidade; liberdade.

■ **Idade recomendada:** a partir de 4 anos.

■ **Aspectos destacables:** tenza responsable de mascotas; amizade; tamaños, cores, formas; animais domésticos vs. salvaxes; animais en liberdade vs. en cativeiro; natureza; contraste cromático; XII Premio Internacional Compostela.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/o-can-de-milu-g>

## Mariann Máray

(Hungría, 1978)

Graduada en Artes Aplicadas pola Universidade de Moholy-Nagy e especialista en comunicación visual. Estudou lingua e literatura italiana na Universidade de Budapest e traballa como ilustradora de libros para público infantil. Dende 2009 publicou numerosas obras, ademais de participar en exposicións. En 2017 foi seleccionada para a Bienal de Ilustración de Bratislava e a exposición de ilustración da Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña. Nesta última foi finalista do concurso Silent Book 2019.

[https://www.instagram.com/mariann\\_maray](https://www.instagram.com/mariann_maray)

